

A Audiencia Provincial de Las Palmas e a de Santa Cruz de Tenerife.

As Audiencias Provinciais son tribunais de xustiza que abarcan unha provincia e teñen a súa sede na capital respectiva. No caso da comunidade canaria, están en ambas as dúas capitais: en Santa Cruz de Tenerife e en Las Palmas de Gran Canaria. Son órganos colexiados con competencia nas ordes xurisdicionais civil e penal

As dúas audiencias provinciais de Canarias son os órganos xurisdicionais colexiados de maior rango nas provincias respectivas. Está dividida cada unha en tres seccións do Penal e tres seccións do Civil, con competencia en apelación e segunda instancia sobre todos os procesos e sentencias provenientes dos xulgados da rexión. Cada sección componse dun Presidente e dous ou máis maxistrados.

- A Audiencia Provincial de Las Palmas está situada na Plaza de San Agustín, nº 6
- A Audiencia Provincial de S. C. de Tenerife está situada na Avenida Tres de Mayo.